

## INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE MUSEOS E OUTROS CENTROS MUSEÍSTICOS DE GALICIA

Esta Secretaría Xeral Técnica de acordo co artigo 7 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio, e modificado polo Decreto 57/1994, do 25 de marzo, e en relación co **Anteproxecto de Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia** emite o seguinte:

### INFORME

#### 1.- Obxecto e consideracións normativas.

A lei ten un dobre obxecto:

- A regulación do **réxime xurídico dos museos e outros centros museísticos** de interese para a Comunidade Autónoma de Galicia.

A lei establece o réxime xurídico, ademais dos **museos**, aborda a **regulación doutras realidades museísticas**, tales como as **coleccións museográficas** (que xa se prevían na regulación das Leis de patrimonio cultural de Galicia, tanto a derogada de 1995, como a vixente de 2016) ou os **centros de interpretación do patrimonio cultural**. Estes últimos defínense e regúlanse por vez primeira no noso ordenamento xurídico, polo que tamén por vez primeira se vén encher o baleiro normativo que existía con respecto a este tipo de centros.

- O establecemento do **Sistema Galego de Centros Museísticos**, cuxo fin é a mellora da organización e funcionamento dos centros que o integran.

O Sistema Galego de Centros Museísticos se define como a estrutura organizativa e funcional de integración dos centros e redes museísticas da Comunidade Autónoma para a coordinación eficiente da súa xestión cultural e científica. Neste Sistema integraranse todos os centros públicos, pero tamén os centros de natureza privada que desexen voluntariamente adherirse a aquel.

## 2.- Competencia

A Constitución española establece no seu artigo 148.1.15º que as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de museos de interese para a comunidade autónoma, e o Estatuto de Autonomía de Galicia dispón no seu artigo 27.18 que corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de museos de interese para Galicia e que non sexan de titularidade estatal.

Pola súa banda, o artigo 148.16 da Constitución atribúelle ás comunidades autónomas a competencia exclusiva en materia do patrimonio monumental de interese da Comunidade Autónoma; competencia que foi asumida no artigo 27.18 do noso Estatuto de Autonomía recollendo competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en relación ao patrimonio cultural, do cal forman parte os nosos museos

O Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo, estipula no artigo 1 que esta consellería é o departamento da Xunta de Galicia competente en materia de promoción e difusión da cultura e dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia. Pola súa banda, o exercicio das funcións de promoción cultural correspondéndolle á Dirección Xeral de Políticas Culturais, segundo o artigo 7.1.

## 3.- Informes e trámites preceptivos

O procedemento de elaboración do presente anteproxecto axustouse ao disposto nos artigos 6, 8 e 16 do Regulamento de réxime interior da Xunta aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio, e modificado polo Decreto 57/1994, do 25 de marzo.

O Consello da Xunta de Galicia acordou, con data 16 de maio de 2019, autorizar o inicio da tramitación do *Anteproxecto de Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia*.

Aos efectos de dar cumprimento ao trámite de audiencia do citado anteproxecto, de conformidade co disposto no regulamento de Réxime Interior da Xunta de

Galicia, Decreto 111/1984, do 25 de maio, o borrador do *Anteproxecto de Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia* foi obxecto de reparto na Comisión de Secretarios Xerais, estivo exposto no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia para os efectos de que a cidadanía puideran presentar suxestións. Durante o período comprendido entre o 10/07/2019 e o 01/08/2019 (en cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno) e expúxose publicamente na fase “En prazo de envío de suxestións” do portal de Transparencia e Goberno aberto.

Unha vez vistas e analizadas as alegacións formuladas, a Dirección Xeral de Políticas Culturais, emite a correspondente memoria de 14 de outubro de 2019, onde se xustifica a aceptación ou rexeitamento das mesmas e se procede en tal sentido a adaptar o texto do anteproxecto.

Na tramitación do anteproxecto e ao abeiro do esixido na pertinente normativa sectorial de aplicación, solicitáronse informes á:

- Secretaría Xeral da Igualdade.
- Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.
- Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.
- Dirección Xeral da Función Pública.

Todos os informes emitidos foron favorables. Con todo, o emitido pola Secretaría Xeral da Igualdade fai consideracións e propostas que foron incorporadas ao texto do anteproxecto de lei.

Así mesmo o texto foi sometido a ditame do Consello Económico e Social de Galicia. Este organismo resulta competente para o ditame deste anteproxecto de lei de acordo co previsto no artigo 5 da súa lei de creación (Lei 6/1995, de 28 de xuño). O devandito artigo establece entre as funcións que corresponden ao CES a de emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo, atopándose entre os primeiros aqueles que versen sobre “Anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. (...)”.

O ditame favorable foi emitido polo Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, en sesión celebrada o día 21 de novembro de 2019

Con data 12 de decembro de 2019 a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia emite informe favorable no que se realizan recomendacións de cara a mellora do texto as cales foron recollidas na versión definitiva do texto deste anteproxecto de lei.

#### 4.- Legalidade

De acordo co indicado considérase que este anteproxecto de lei reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte

PROPOSTA:

Informar favorablemente este anteproxecto de lei ao consideralo que se axusta á legalidade vixente,.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2019

O subdirector xeral de Innovación e Coordinación Administrativa

  
Guillermo Otero Piñeyro-Maseda

Esta Secretaria Xeral Técnica, logo de ver a proposta do subdirector xeral de Innovación e Coordinación Administrativa desta Consellería, considera que o anteproxecto de lei sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o **informa favorablemente.**

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2019

O secretario xeral técnico

  
Manuel Vila López